

VOCABULARIO

“No meu mar, na miña lingua”



EQUIPO DE **N**ORMALIZACIÓN E **D**INAMIZACIÓN **L**INGÜÍSTICA

IES “Félix Muriel” Rianxo

Membros do profesorado que desenvolveron o proxecto:

Álvarez, Noemi
Bretal, Dolores
Formoso, Tina
Gamarra, Pepa
González, María
Lobato, J. Manuel
Losada, Emilio
Martínez, Alfonso
Parcerro, Javier
Piñeiro, Rodolfo
Plaza, Paz
Rodríguez, María
Suárez, Rosa

Agradecementos:

Todo o alumnado do IES participante no proxecto
durante estes tres cursos

Carpintería de ribeira "Asteleiros Catoira"
Manuel e Ramón Collazo Mosquera

José M^a Domínguez Mosquera, carpinteiro de ribeira

Club de remo, vela e piragüismo de Rianxo
nomeadamente a Fabián Enrique Sampedro
e Alexandre Galván Sobradelo

Museo do Pobo Galego, Santiago

Emilio Lavandeira, fotógrafo

Termigal

Francisco Fernández Rey, profesor da USC

Profesorado colaborador
M^a Elena Campos, Begoña González,
Carlos Jacob e José Maroño

ANPA do IES Félix Muriel

Concello de Rianxo

Este vocabulario é o froito dun traballo de investigación terminolóxica que o ENDL do IES Félix Muriel desenvolveu durante tres cursos académicos (2007-2010) no marco dun proxecto máis amplo denominado "No meu mar, na miña lingua". Este proxecto foi galardoado, en cada un dos cursos, cun dos Premios de Innovación en normalización lingüística que outorga a Consellería de Educación xunto coa Secretaría xeral de política lingüística.

A iniciativa tiña entre os seus obxectivos impulsar tanto na normativización do léxico dos deportes náuticos que se practican na vila rianxeira, como a recuperación de léxico relacionado coas embarcacións tradicionais, e así mesmo cunha forma de vida moi ligada aos habitantes do concello, a batea.

Entre 13 membros do profesorado e arredor de 90 alumnos e alumnas levouse a cabo un traballo de recollida de léxico mediante enquisas entre carpinteiros de ribeira, mariñeiros, traballadores de estaleiros, alumnado e familias... Desenvolveuse a continuación un traballo terminolóxico analizando de xeito rigoroso cada termo: comprobando a súa existencia nos dicionarios de galego, pescudando a correspondencia noutras linguas, consultando con especialistas... o que levou a que en moitos casos tivésemos que lanzar novas propostas terminolóxicas.

E aínda se quixo ir máis alá e, ademais de definir cada termo e indicar a correspondencia en castelán, inglés, francés e portugués, buscáronse imaxes que ilustrasen cada unha das voces específicas dos diferentes campos, coa pretensión de realizar un modesto vocabulario visual.

A actividade destes anos rematou coa elaboración dos vocabularios que aquí se presentan, organizados segundo os campos temáticos da investigación. Cada un deles vai encabezado pola imaxe dos carteis -realizados tamén por nós- que están editados en formato lámina (50x70).

Este traballo tamén se elaborou en versión dixital, onde ademais desta información á que se pode chegar de forma interactiva, pódense atopar moitas máis ilustracións e fotografías de cada un dos termos.


PARTES DA EMBARCACIÓN



gamela




racú



- 1.-AMURA
- 2.-ALETA
- 3.-BABOR
- 4.-BANDA
- 5.-BARRAGANETE
- 6.-BORDA
- 7.-CORNAMUSA
- 8.-COSTADO
- 9.-CADERNAS
- 10.-ESLORA
- 11.-ESTRIBOR
- 12.-FONDO
- 13.-GATEIRA
- 14.-MANGA
- 15.-OBRA MORTA

- 16.-OBRA VIVA
- 17.-POPA
- 18.-PROA
- 19.-PUNTAL
- 20.-QUILLA
- 21.-REGALA
- 22.-REMADOIRA
- 23.-TAMBUCHE
- 24.-TOLETE



*"Sexa de pau de laranxo,
sexa de nobre madeira,
pra facer boa gamela
carpinteiros de ribeira."*

PARTES DA EMBARCACIÓN



Aleta <i>s.f.</i>	Parte curvada dos costados do barco nas proximidades da popa.	 <i>Aleta</i>	 <i>Alheta</i>	 <i>Hanche</i>	 <i>Quarter</i>
Amura <i>s.f.</i>	Parte curvada dos costados do barco, nas proximidades da proa.	 <i>Amura</i>	 <i>Amura</i>	 <i>Amure</i>	 <i>Tack</i>
Babor <i>s.m.</i>	Parte esquerda da embarcación, mirando de popa a proa.	 <i>Babor</i>	 <i>Bombordo</i>	 <i>Bâbord</i>	 <i>Port</i>
Banda <i>s.f.</i>	Cada un dos laterais en que se divide a embarcación simetricamente, respecto ao plano lonxitudinal.	 <i>Banda</i>	 <i>Banda</i>	 <i>Côte, Flanc</i>	 <i>Side</i>
Barraganete <i>s.m.</i>	Cada unha das partes superiores da caderna que sobresaen da cuberta da embarcación.	 <i>Barraganete</i>	 <i>Borda falsa</i>	 <i>Allonge (de sommet)</i>	
Borda <i>s.f.</i>	Bordo ou varanda superior de cada un dos costados do buque.	 <i>Borda</i>	 <i>Borda, Amurada</i>	 <i>Bord</i>	 <i>Gunwale</i>
Caderna <i>s.f.</i>	Peza curva que se apoia na quilla e serve para darlle forma ao casco.	 <i>Cuaderna</i>	 <i>Cavernas</i>	 <i>Membrure, Couple</i>	 <i>Ribs</i>
Codaste <i>s.m.</i>	Peza grosa de madeira ou aceiro que sostén a armazón da popa, na que remata o barco formando ángulo coa quilla.	 <i>Codaste</i>	 <i>Cadaste</i>		 <i>Stern post</i>
Cornamusa <i>s.f.</i>	Peza de metal ou madeira que serve para amarrar os cabos das embarcacións.	 <i>Cornamusa</i>	 <i>Cunho</i>	 <i>Taquet</i>	 <i>Cleat</i>
Costado <i>s.m.</i>	Cada un dos lados do buque, medidos dende a borda ata a liña de flotación.	 <i>Costado</i>	 <i>Costado</i>	 <i>Flanc</i>	 <i>Side</i>
Eslora <i>s.f.</i>	Lonxitude do barco, medido de proa a popa.	 <i>Eslora</i>	 <i>Cumprimento</i>	 <i>Longueur hors-tout;</i> <i>longueur d'encombrement</i>	 <i>Length</i>
Estribor <i>s.m.</i>	Parte dereita da embarcación, mirando de popa a proa.	 <i>Estribor</i>	 <i>Estibordo</i>	 <i>Tribord</i>	 <i>Starboard</i>
Fondo <i>s.m.</i>	A parte somerxida máis baixa ou máis profunda dun barco.	 <i>Fondo</i>	 <i>Fundo</i>	 <i>Fond</i>	 <i>Bottom</i>



Forquita <i>s.f.</i>	Peza de metal ou madeira que ten nun dos extremos dúas pezas que conforman un semicírculo, no que se enganchan o remo ou o rastro, ou ben o mastro e a percha nas embarcacións tradicionais. Sin. Galla.	 <i>Horquilla</i>	 <i>Forqueta, Forquilha</i>	 <i>Dame de nage</i>	
Galla <i>s.f.</i>	Vid. Forquita				
Gateira <i>s.f.</i>	1-Calquera burato na parede ou na cuberta dunha embarcación. 2- Peza colocada enriba da regala das embarcacións tradicionais, de forma rectangular e cunha fenda no centro en forma de U, que se emprega para guiar por ela o cabo.	 <i>Gatera</i>	 <i>1. Alboi 2.Escoteira</i>	 <i>Écoubier</i>	 <i>Chock</i>
Manga <i>s.f.</i>	Anchura da embarcación que, xeralmente, se mide á altura do plano da caderna mestra.	 <i>Manga</i>	 <i>Boca, Largura</i>	 <i>Maître bau</i>	 <i>Beam</i>
Obra morta <i>loc.subs.</i>	Parte visible dunha embarcación cando o barco está en situación de navegación.	 <i>Obra muerta</i>	 <i>Obras mortas</i>	 <i>Œuvres mortes</i>	 <i>Upper works</i>
Obra viva <i>loc.subs.</i>	Parte somerxida dunha embarcación cando o barco está en situación de navegación.	 <i>Obra viva</i>	 <i>Obras vivas</i>	 <i>Œuvres vives</i>	 <i>Bottom</i>
Popa <i>s.f.</i>	Parte posterior da embarcación.	 <i>Popa</i>	 <i>Pôpa, Ré</i>	 <i>Arrière, Poupe</i>	 <i>Stern</i>
Proa <i>s.f.</i>	Parte dianteira da embarcación, que abre o camiño na auga.	 <i>Proa</i>	 <i>Proa</i>	 <i>Avant, Proue</i>	 <i>Bow</i>
Puntal <i>s.m.</i>	Altura do barco, medida dende o bordo inferior da quilla ata a cuberta.	 <i>Puntal</i>	 <i>Pontal</i>	 <i>Creu</i>	 <i>Depth</i>
Quilla <i>s.f.</i>	Peza central e inferior do barco, moi sólida, que vai de proa a popa e serve de base e afianzamento das cadernas do barco. Considérase a columna vertebral do esqueleto do barco.	 <i>Quilla</i>	 <i>Quilha</i>	 <i>Quille</i>	 <i>Keel</i>
Regala <i>s.f.</i>	Prolongación do casco do buque que sobresa da cuberta.	 <i>Regala</i>	 <i>Tábua</i>	 <i>Muraille</i>	 <i>Top rail</i>
Remadoira <i>s.f.</i>	Peza trapezoidal de madeira que conta cun burato no que se introducen os toletes do remo e serve para apoiar o remos evitando o desgaste da regala.	 <i>Chumacera</i>	 <i>Chumaceira</i>	 <i>Dame de nage; toletière</i>	 <i>Oarlock</i>

PARTES DA EMBARCACIÓN



Roda
s.f. Peza grosa e curvada que vai empalmada no extremo anterior da quilla, formando a proa.



Roda



Roda



Etrave



Stem

Tambuche
s.m. 1. Caseta que protexe unha trapela ou outras partes das embarcacións.
2. Pequeno departamento na proa onde se gardan cabos e toletes.



Tambucho



Capuchana



Rouf



Tapa da regala
loc.subs. Táboa grande que forma o bordo superior da embarcación.

Tolete
s.m. Peza cilíndrica de madeira ou ferro, fixada no bordo da embarcación, normalmente na remadoira, e que se emprega para apoiar o remo que queda suxeito a el mediante o estrobo.



Tolete



Tolete



Tolet



Tholepin

Varenga
s.f. Peza curvada que vai situada sobre a quilla e forma a base da caderna.



Varenga



Longarina



Varangue



Floor





Aleta



Amura




Babor



Banda



Barraganete




Borda



Caderna



Codaste





Cornamusa



Costado



Eslora



Estribor




Fondo



Forquita



Gateira



Manga





Obra morta



Obra viva



Popa



Proa



Puntal



Quilla

Regala



Remadoira





Roda



Tambuche

Tambuche



Tapa da regala

Tolete



Tolete

Varenga





Varenga



A TRAIÑA



"En Rianxo hai unha lancha que lle chaman a Manuela, en toda a ría de Arousa non hai lancha como ela."



- 1.-BANCADA / BANCADA DOS PÉS
- 2.-ESTROBO
- 3.-EMPUÑADURA / GUIÓN
- 4.-LOITADEIRO
- 5.-PA
- 6.-PICA
- 7.-PICA PATRÓN
- 8.-POPA
- 9.-PROA
- 10.-PROEIRO
- 11.-REMO
- 12.-TEMOEIRO
- 13.-TOLETE
- 14.-TRAIÑA





Bancada <i>s.f.</i>	Cada un dos bancos feitos de táboas traveseiras que serven de asento aos remeiros.	 <i>Bancada</i>	 <i>Banco</i>	 <i>Estrope</i>	
Bancada dos pés <i>loc.subs.</i>	Táboa onde o remeiro/a apoia os pés para fixarse ó barco e así poder vogar.	 <i>Bancada de los pies</i>	 <i>Pau de voga</i>	 <i>Cales-pieds; barre à pieds</i>	 <i>Foot-plate, thwart</i>
Batel <i>s.m.</i>	Pequena embarcación de regata de banco fixo sen quilla, de feitura longa e estreita, para catro remeiros/as e un patrón/oa.	 <i>Batel</i>	 <i>Batel</i>	 <i>Batel</i>	 <i>Skiff</i>
Cear <i>v.i.</i>	Remar cara atrás.	 <i>Ciar</i>	 <i>Ciar</i>	 <i>Ramer à rebours; ; Scier, Culer</i>	 <i>To back water</i>
Ceavoga <i>s.f.</i>	Manobra para virar en redondo unha embarcación.	 <i>Ciaboga</i>	 <i>Cia-voga</i>	 <i>Virement de bord</i>	 <i>Turn</i>
Empuñadura <i>s.f.</i>	Parte do remo por onde se agarra para vogar. Sin. Guión, puño.	 <i>Empuñadura</i>	 <i>Punho</i>	 <i>Poignée</i>	 <i>Handle</i>
Estrobo <i>s.m.</i>	Aro de corda que suxeita o remo ao tolete.	 <i>Estrobo</i>	 <i>Estropo</i>		 <i>Button</i>
Guión <i>s.m.</i>	Vid. Empuñadura, puño.				
Loitadeiro <i>s.m.</i>	Reforzo que ten o remo na parte que apoia na embarcación para evitar o seu desgaste.	 <i>Luchadero</i>	 <i>Tacão, forro</i>	 <i>Manchon</i>	
Pa <i>s.f.</i>	Parte máis ancha do remo que entra na auga e serve para impulsar a embarcación.	 <i>Pala</i>	 <i>Pá</i>	 <i>Palette, Pelle</i>	 <i>Blade</i>
Pica <i>s.f.</i>	Remo de tamaño menor có remo normal, situado na proa e que utiliza o proeiro nas viradas.	 <i>Pica, Espaldín</i>	 <i>Pica</i>	 <i>Aviron avant</i>	 <i>Quant, steering oar</i>
Pica patrón <i>loc.subs.</i>	Remo de tamaño maior có normal que o patrón leva na popa facendo a función de temón.	 <i>Pica patrón</i>	 <i>Pica padrão</i>	 <i>Aviron-godille, Aviron de queu</i>	 <i>Quant, steering oar</i>
Proeiro <i>s.m.</i>	Remeiro que navega no lugar máis achegado á proa da embarcación.	 <i>Proel</i>	 <i>Proeiro</i>	 <i>Rameur de proue</i>	 <i>Bowman</i>




Puño <i>s. m.</i>	Vid. Empuñadura, guión
Remar <i>v.i.</i>	Mover os remos para propulsar a embarcación obtendo impulso na auga. Sin. Vogar  <i>Remar, bogar</i>  <i>Remar, vogar</i>  <i>Nager, Ramer</i>  <i>To row</i>
Temoneiro -ra <i>s.m.</i>	Persoa situada na popa da embarcación que é a encargada de conducir e dirixir o rumbo da mesma.  <i>Timonel</i>  <i>Timoneiro</i>  <i>Barreur</i>  <i>Helmsman</i>
Tolete <i>s.m.</i>	Peza de madeira, xeralmente de forma cilíndrica, que se fixa na remadoira e que serve para enganchar e apoiar o remo.  <i>Tolete, Escálamo.</i>  <i>Tolete</i>  <i>Tolet, Tolotière</i>  <i>Oarlock</i>
Traíña <i>s.f.</i>	Embarcación de regatas de banco fixo, de feitura longa e estreita, para trece remeiros/as e un patrón/oa.  <i>Trainera</i>  <i>Traineira</i>  <i>Traînière</i> 
Traiñeira <i>s.f.</i>	Vid. Traíña.
Virada <i>s.f.</i>	Manobra que realiza o patrón ou patroa da embarcación para cambiar de rumbo ou dirección. Sin. Viraxe  <i>Virada</i>  <i>Virada, Viragem</i>  <i>Virement (de bord)</i>  <i>Tacking maneuver</i>
Viraxe <i>s.f.</i>	Vid. Virada.
Vogar <i>v.i.</i>	Vid. Remar.





Bancada



Bancada dos pés



Batel

Batel



Cear



Ceavoga



Empuñadura




Estrobo



Loitadeiro



Pa



Pica



Pica patrón



Proeiro



Temoneiro -ra




Tolete




Traña




EMBARCACIÓN A VELA



















































*"Vaia a barca cas velas izadas
que semella unha branca gaviota
fendendo ca proa as augas prateadas
tirante-las drizas e tensa a escota"*



- | | |
|--------------------|-----------------|
| 1.-AMANTILLO | 15.-MORZA |
| 2.-BALUMA | 16.-OBENQUE |
| 3.-BAÑEIRA | 17.-ORZA |
| 4.-BOTAVARA | 18.-PASACABOS |
| 5.-CANA | 19.-PUXAMEN |
| 6.-CRUCETAS | 20.-PUÑO AMURA |
| 7.-ORZA | 21.-PUÑO ORZA |
| 8.-ESCOTA | 22.-PUÑO ESCOTA |
| 9.-ESPELLO DE POPA | 23.-SABRE |
| 10.-ESTAI | 24.-SPINNAKER |
| 11.-FOQUE | 25.-TANGÓN |
| 12.-FUZA DO MASTRO | 26.-TEMÓN |
| 13.-GRATIL | 27.-TRAPA |
| 14.-MASTRO | 28.-VELA MAIOR |





Abatemento <i>s.m.</i>	Desvío do rumbo do buque cara a sotavento por efecto do vento e do mar.	 <i>Abatimiento</i>	 <i>Abatimento</i>	 <i>Abattée</i>	 <i>Leeway</i>
Acuartelar <i>v.tr.</i>	Orientar o foque máis cara ao vento deixando o seu puño máis a barlovento.	 <i>Acuartelar</i>	 <i>Aquartelar</i>	 <i>Contrebrasser,</i> <i>Porter le foc au vent</i>	
Adrizar <i>v.tr.</i>	Poñer dereita a embarcación, por exemplo suprimindo a escora mediante a solta das escotas.	 <i>Adrizar</i>	 <i>Endireitar</i>	 <i>Redresser</i>	 <i>To right</i>
Amantillo <i>s.m.</i>	Cabo que suxeita e controla a percha do spinnaker.	 <i>Amantillo</i>	 <i>Amantilho</i>	 <i>Balancine</i>	 <i>Topping lift</i>
Amarrar <i>v.tr.</i>	Atar ou suxeitar mediante cordas unha embarcación.	 <i>Amarrar</i>	 <i>Amarrar</i>	 <i>Frapper</i>	 <i>To fasten</i>
Aparello <i>s.m.</i>	Conxunto de paus, cordames e velames dunha embarcación que serven para navegar coa forza do vento.	 <i>Aparejo</i>	 <i>Aparelho</i>	 <i>Grément</i>	 <i>Rig</i>
Arriar <i>v.tr.</i>	Afrouxar un cabo para diminuír o seu traballo, soltándoo pouco a pouco.	 <i>Amollar</i>	 <i>Folgar, Lascar</i>	 <i>Filer</i>	 <i>To haul down,</i> <i>to lower</i>
Arriar en banda <i>loc.v.</i>	Afrouxar bruscamente certa cantidade dun cabo que está traballando, ou soltalo completamente.	 <i>Largar</i>	 <i>Largar</i>	 <i>Choquer</i>	
Arribar <i>v.tr./i.</i>	Afastar a proa da dirección do vento.	 <i>Arribar</i>	 <i>Ancorar</i>	 <i>Abattre, Laisser</i>	 <i>To fall off, to sheer off,</i> <i>to bear away</i>
Baluma <i>s.f.</i>	Bordo da vela maior máis próximo á popa e que non está fixado nin ao mastro nin á botavara.	 <i>Baluma</i>	 <i>Valuma</i>	 <i>Chute</i>	 <i>Leech</i>
Bañeira <i>s.f.</i>	Parte aberta da cuberta do barco onde se sitúan os tripulantes e o temoneiro para o goberno da embarcación.	 <i>Bañeira</i>	 <i>Poço</i>	 <i>Baignoire, cockpit</i>	 <i>Cockpit</i>
Barlovento <i>s.m.</i>	Banda ou costado polo que se recibe o vento. Ant.: Sotavento	 <i>Barlovento</i>	 <i>Barlavento</i>	 <i>Au vent;</i> <i>Sous le vent</i>	 <i>Windward</i>



Bordada <i>s.f.</i>	Distancia navegada pola embarcación sen cambiar a orientación das velas.	 <i>Bordada</i>	 <i>Bordada</i>	 <i>Bordée</i>	 <i>tack</i>
Botavara <i>s.f.</i>	Barra de metal ou de madeira á que se suxeita o puxamen da vela maior.	 <i>Botavara</i>	 <i>Retranca</i>	 <i>Bôme</i>	 <i>Boom</i>
Cana <i>s.f.</i>	Panca de madeira ou ferro unida ao temón que permite gobernar o barco dende a bañeira.	 <i>Caña del timón</i>	 <i>Cana do leme</i>	 <i>Barre (de gouvernail)</i> <i>/Barre franche</i>	 <i>Tiller</i>
Cazar <i>v.tr.</i>	Cobrar ou tirar das escotas das velas. Sin. Chamar polo cabo.	 <i>Cazar</i>	 <i>Caçar</i>	 <i>Border, Tirer</i>	 <i>To haul</i>
Cinguir <i>v.tr.</i>	Situar o barco en ángulo pechado respecto da dirección do vento. Sin. Cinxir	 <i>Ceñir</i>	 <i>Cingir, Bolinar</i>	 <i>Naviguer au près,</i> <i>Louvoyer</i>	 <i>To sail close-hauled</i>
Cinxir <i>v.tr.</i>	Vid. Cinguir				
Codaste <i>s.m.</i>	Peza de aceiro ou de madeira que se levanta perpendicular á quilla no seu extremo de popa e na que se coloca o temón.	 <i>Codaste</i>		 <i>Étambot</i>	 <i>Stern frame</i>
Cruceta <i>s.f.</i>	Peza de madeira ou ferro colocadas transversalmente ao mastro.	 <i>Cruceta</i>	 <i>Vau</i>	 <i>Barre de flèche</i>	 <i>Cross-tree</i>
Chicote <i>s.m.</i>	Extremo dunha corda ou dun cabo.	 <i>Chicote</i>	 <i>Chicote</i>	 <i>Bout à nouer</i>	 <i>End</i>
Driza <i>s.f.</i>	Cabo que serve para izar unha vela.	 <i>Driza</i>	 <i>Adriça</i>	 <i>Drisse</i>	 <i>Halyard</i>
Empopada <i>s.f.</i>	Navegación dun buque co vento pola popa.	 <i>Empopada</i>	 <i>Ir à bolina</i>	 <i>Plein vent arrière</i>	 <i>Dead run</i>
Envergar <i>v.tr.</i>	Atar unha vela á súa verga e unir a relinga da vela ao seu respectivo mastro e á súa botavara mediante as respectivas vergas.	 <i>Envergar</i>	 <i>Envergar</i>	 <i>Endrailler (le foc);</i> <i>Enverguer (les voiles)</i>	 <i>To set, to bend</i>



Enxarcia <i>s.f.</i>	Conxunto de cabos necesarios para manobrar e aparelar o barco, que pode ser firme (obenque, estai) ou de labor (driza e escota).	 <i>Jarcia</i>	 <i>Enxárcia, cordame</i>	 <i>Grand foc, Foc de Gênes</i>	 <i>Rigging</i>
Escora <i>s.f.</i>	Inclinación que ten o barco respecto ao plano lonxitudinal, debido ao vento, ao estado do mar ou á mala estiba da carga.	 <i>Escora</i>	 <i>Banda</i>	 <i>Gîte</i>	 <i>Heel</i>
Escota <i>s.f.</i>	Cabo que se utiliza para controlar as velas en función do rumbo desexado e a dirección do vento.	 <i>Escota</i>	 <i>Escota</i>	 <i>Écoute</i>	 <i>Sheet</i>
Espello de popa <i>loc.subs.</i>	Parte exterior da popa plana dunha embarcación.	 <i>Espejo de popa</i>	 <i>Painel de popa</i>	 <i>Étambot</i>	 <i>Transom</i>
Estai <i>s.m.</i>	Cabo que suxeita o mastro para evitar que caia cara á popa.	 <i>Estay</i>	 <i>Estai</i>	 <i>Étai</i>	 <i>Stay</i>
Fogonadura <i>s.f.</i>	Orificio situado na cuberta no que se introduce o mastro. Sin. fura do mastro.	 <i>Fogonadura</i>	 <i>Enora</i>	 <i>Étambrai</i>	 <i>Mast hole</i>
Fondear <i>v.tr.</i>	Amarrar unha embarcación ao fondo mediante un cabo que ten nun extremo un elemento pesado, normalmente unha áncora.	 <i>Fondear</i>	 <i>Fundear</i>	 <i>Mouiller</i>	 <i>To anchor</i>
Foque <i>s.m.</i>	Vela de coitelo que vai envergada ao estai.	 <i>Foque</i>	 <i>Bujarrona</i>	 <i>Foc</i>	 <i>(standing) Jib</i>
Foque de tormenta <i>loc.subs.</i>	Vela de proa de pequeno tamaño e gran resistencia, utilizada con mal tempo.	 <i>Tormentín</i>	 <i>Estai de tempo, buja de temporal</i>		 <i>Storm-jib</i>
Fura do mastro <i>loc.subs.</i>	Vid. Fogonadura				
Grátil <i>s.m.</i>	Bordo da vela máis próximo á proa do barco e que está fixado no mastro. Sin. Testa	 <i>Grátil</i>	 <i>Testa, Garotil</i>	 <i>Guindant</i>	 <i>Luff</i>
Izar <i>v.tr.</i>	Subir as velas.	 <i>Izar</i>	 <i>Içar</i>	 <i>Établir</i>	 <i>To hoist</i>



Mastro <i>s.m.</i>	Barra metálica ou de madeira na que se izan as velas.	 <i>Mástil</i>	 <i>Mastro</i>	 <i>Mât</i>	 <i>Mast</i>
Mordaza <i>s.f.</i>	Peza en forma de canal dentado que serve para reter un cabo.	 <i>Mordaza</i>	 <i>Mordaça</i>	 <i>Taquet coinqueur</i>	 <i>Clam cleat</i>
Obenque <i>s.m.</i>	Conxunto cabos que sosteñen lateralmente o mastro.	 <i>Obenque</i>	 <i>Enxárcia</i>	 <i>Hauban</i>	 <i>Shrouds, rigging</i>
Orza <i>s.f.</i>	Peza metálica ou doutros materiais, fixa ou abatible, que se coloca debaixo da quilla coa fin de darlle estabilidade e diminuír a deriva.	 <i>Orza</i>	 <i>Orça</i>	 <i>Dérive</i>	 <i>Centreboard</i>
Orzar <i>v.tr.</i>	Deixar caer a proa cara á dirección do vento.	 <i>Orzar</i>	 <i>Orçar</i>	 <i>Lofer</i>	 <i>To luff</i>
Pasacabos <i>s.m.</i>	Guía que serve para pasar as escotas da vela maior e do foque e facilitar o control das mesmas.	 <i>Escotero, Pasacabos</i>	 <i>Escoteira</i>	 <i>Chariot d'écoute</i>	 <i>Traveller</i>
Percha <i>s.f.</i>	Pau ao que se asegura o grátil.				
Puño de amura <i>loc.subs.</i>	Esquina da vela que queda máis cerca da proa do barco, onde se xuntan o puxamen e o grátil.	 <i>Puño de amura</i>	 <i>Punho da amura</i>	 <i>Point d'amure</i>	 <i>Tack</i>
Puño de driza <i>loc.subs.</i>	Esquina superior da vela, onde se xuntan a baluma e o grátil.	 <i>Puño de driza</i>	 <i>Punho da pena</i>	 <i>Têteière</i>	 <i>Head</i>
Puño de escota <i>loc.subs.</i>	Esquina da vela que queda máis cerca da popa do barco, onde se xuntan a baluma e o puxamen.	 <i>Puño de escota</i>	 <i>Punho da escota</i>	 <i>Point d'écoute</i>	 <i>Clew</i>
Puxamen <i>s.m.</i>	Bordo inferior da vela maior que está fixado á botavara.	 <i>Pujamen</i>	 <i>Esteira</i>	 <i>Ralingue de fond</i>	 <i>Foot</i>
Refacho <i>s.m.</i>	Golpe de vento brusco que se produce debido ao cambio de dirección ou intensidade deste.	 <i>Racha</i>	 <i>Rajada</i>	 <i>Rafale</i>	 <i>Gust of wind</i>
Rizo <i>s.m.</i>	Cabo que serve para pregar unha parte da vela e que permite diminuír a superficie desta en caso necesario.	 <i>Rizo</i>	 <i>Rize</i>	 <i>Ris (bande de)</i>	 <i>Reef</i>



Rolar <i>v.i.</i>	Cambiar o vento de dirección sucesivamente.	 <i>Rolar</i>	 <i>Rolar</i>	 <i>Souter (le vent)</i>	 <i>To shift</i>
Sabre <i>s.m.</i>	Tira de plástico flexible inserida na bolsa que vai intercalada ao longo da baluma da vela maior. Sin. Tirante.	 <i>Sable</i>	 <i>Tirante</i>	 <i>Gousset de latte</i>	 <i>Batten</i>
Sotavento <i>s.m.</i>	Dirección cara onde sopra o vento. Ant. barlovento.	 <i>Sotavento</i>	 <i>Sotavento</i>	 <i>Sous le vent</i>	 <i>Leeward</i>
Spinnaker <i>s.m.</i>	Vela lixeira de forma triangular que se iza para navegar con ventos portantes.	 <i>Spinnaker</i>	 <i>Spinnaker, Balão</i>	 <i>Spinnaker, Spin</i>	 <i>Spinnaker</i>
Tangón <i>s.m.</i>	Percha móbil que se afirma á cara de proa do mastro para sacar fóra da borda o spinnaker.	 <i>Tangón</i>	 <i>Pau</i>	 <i>Tangon</i>	 <i>Spinny</i>
Temón <i>s.m.</i>	Peza plana colocada na popa do navío, suxeita ao codaste, e articulada nun eixe en sentido vertical, que permite virar e gobernar a embarcación.	 <i>Timón</i>	 <i>Leme</i>	 <i>Gouvernail, Safran</i>	 <i>Rudder</i>
Testa <i>s.f.</i>	Vid. Grátil				
Timón <i>s.m.</i>	Vid. Temón				
Tirante <i>s.m.</i>	Tira de plástico flexible inserida na bolsa que vai intercalada ao longo da baluma da vela maior. Sin. Sabre.	 <i>Tangón</i>	 <i>Pau</i>	 <i>Tangon</i>	 <i>Spinny</i>
Trapa <i>s.f.</i>	Aparello que serve para manter unha percha en posición baixa.	 <i>Trapa</i>	 <i>Burro</i>	 <i>Hâle-bas</i>	 <i>Kicking strap; Boom vang</i>
Trasluchar <i>v.tr.</i>	Facer que a botavara pase dunha banda á outra do barco mentres se navega con vento de popa.	 <i>Trasluchar</i>	 <i>Cambar</i>	 <i>Empanner, Gambeyer</i>	 <i>To gybe, To jibe</i>
Vela maior <i>loc.subs.</i>	Vela que se iza no mastro maior.	 <i>Vela mayor</i>	 <i>Vela grande</i>	 <i>Grand-voile</i>	 <i>Main sail</i>
Virada <i>s.f.</i>	Manobra pola cal o barco cambia de amura e pasa a recibir o vento pola outra banda. Sin. viraxe.	 <i>Virada</i>	 <i>Virada, Viragem</i>	 <i>Virement (de bord)</i>	 <i>Tacking</i>



Viraxe
s.f.

Vid. Virada.

Xénova
s.f.

Vela foque co puño de escota máis baixo, o puxamen máis longo e de maior superficie, empregada con ventos frouxos ou moderados.



Génova



Genoa



Génois
Prendre la mer



Genoa jib

Zarpar
v.i.

Partir do porto unha embarcación para meterse no mar.



Zarpar



Zarpar



Lever l'ancre,
Appareiller,



Weigh anchor,
Set sail






Amantillo



Aparelo



Baluma



Bañeira




Barlovento



Botavara

Cana



Codaste





Cruceta

Chicote



Driza



Enxarcia



Escora



Escota



Espello de popa



Estai



Fogonadura



Foque



Foque de tormenta



Grátil



Mastro



Mordazas



Obenque



Orza





Pasacabos



Puño de amura



Puño de driza



Puño de escota



Puxamen



Rizo



Sabre

Sotavento





Spinnaker



Spinnaker



Tangón



Temón



Trapa



Vela maior




Vela maior

Xénova



PIRAGÜISMO: A CANOA



- 1.-CANOA (C1)
- 2.-PROA
- 3.-POPA
- 4.-REGALA
- 5.-BABOR
- 6.-ESTRIBOR
- 7.-CASCO
- 8.-BAÑEIRA
- 9.-NERVIO
- 10.-EMPUÑADURA
- 11.-PÉRTEGA
- 12.-FOLLA DA PA
- 13.-REPOUSAPÉS
- 14.-TACO
- 15.-PISO DA CANOA

PIRAGUISMO: O KAIAK



1.-KAIAK 2.-PROA 3.-POPA 4.-BORDO DA BABEIRA /REGALA 5.-BABOR

6.-ESTRIBOR

7.-CASCO


8.-TEMÓN

9.-FOLLA DO TEMÓN

10.-EMPUÑADURA

11.-PÉRTEGA

12.-CULLER / FOLLA DA PA















































13.-ASENTO 14.-K1 15.-KAIAKISTA

15.-





Abatemento <i>s.m.</i>	Desviación dunha embarcación do seu rumbo cara a sotavento por efecto do vento.	 <i>Abatimiento</i>	 <i>Abatimento</i>	 <i>Dérive côté sous le vent</i>	
Achicar <i>v. tr.</i>	Baleirar a auga dunha embarcación.	 <i>Achicar</i>	 <i>Achicar</i>	 <i>Écoper</i>	 <i>To scoop</i>
Adiantar <i>v. tr.</i>	Superar unha embarcación a outra durante unha regata.	 <i>Adelantar</i>	 <i>Ultrapassar</i>	 <i>Dépasser</i>	 <i>To overtake</i>
Afundir <i>v. tr. ou pr.</i>	1- Botar ou ir unha embarcación ao fondo como consecuencia da entrada de auga no seu interior. 2- Introducirse a proa da embarcación na auga como consecuencia do movemento do remeiro ao introducir a pa na auga.	 <i>Hundirse</i>	 <i>Afundar</i>	 <i>Couler</i>	 <i>To sink</i>
Aliñamento <i>s.m.</i>	Disposición en liña das embarcacións.	 <i>Alineación</i>	 <i>Alinhamento</i>	 <i>Alignement</i>	 <i>Line-up</i>
Almofadiña <i>s.f.</i>	Peza semirrígida de material lixeiro que se emprega para suxeitar o van do piragüista e amortecer os impactos deste contra a embarcación.	 <i>Almohadilla</i>	 <i>Encosto</i>	 <i>Calage, dossieret gonflable</i>	 <i>Pad</i>
Apoiar <i>v. tr.</i>	Utilizar o remo ou pa como elemento de soporte sobre a auga para equilibrar unha piragua.	 <i>Apoyar</i>	 <i>Apoiar</i>	 <i>Appuyer, Faire appui,</i>	
Asento <i>s.m.</i>	1. Posición lonxitudinal dunha piragua con respecto á liña de flotación. Se o calado é maior pola popa, dise que o asento é pola popa; se o calado é maior pola proa, fálase de asento pola proa. 2. Peza de material rixido colocada no fondo do kaiak, que serve para sentar o remeiro.	 <i>Asiento</i>	 <i>Assento</i>	 <i>1- Assiette longitudinale. 2- Siège, assise; barreau, pouf (canoë)</i>	 <i>1.fore-and-aft trim 2.Seat</i>
Ataque <i>s.m.</i>	Movemento inicial dunha pada, correspondente ao momento no que se fai entrar o remo ou pa dentro da auga.	 <i>Ataque</i>	 <i>Inmersão</i>	 <i>Attaque</i>	 <i>Catch</i>
Babor <i>s.m.</i>	Banda ou costado esquerdo da piragua mirando de popa a proa.	 <i>Babor</i>	 <i>Bombordo</i>	 <i>Bâbord</i>	 <i>Port</i>
Baliza	Sinal destinado a guiar o piragüista, indicándolle a ruta que debe seguir.	 <i>Baliza</i>	 <i>Baliza</i>	 <i>Balise</i>	 <i>Buoy</i>



Balizamento do percorrido <i>loc. subs.</i>	Sinalización, por medio de balizas, dunha área ou campo de competición no que ten lugar unha regata.	 <i>Balizamiento del recorrido</i>	 <i>Balizagem do percorrido</i>	 <i>Balisage du parcours</i>	 <i>Buoying</i>
Bañeira <i>s.f.</i>	Cavidade descuberta da piragua onde vai sentado o piragüista.	 <i>Bañera</i>	 <i>Habitáculo, Cockpit</i>	 <i>Cockpit</i>	 <i>Cockpit</i>
Barlovento <i>s.m.</i>	Lado da embarcación de onde vén o vento. Ant.: sotavento.	 <i>Barlovento</i>	 <i>Barlavento</i>	 <i>Côté dessus du vent, Face au vent</i>	 <i>Windward side</i>
Bidón <i>s.m.</i>	Recipiente resistente e impermeable que se emprega para transportar na piragua aquilo que se desexa protexer da humidade.	 <i>Bidón</i>	 <i>Bidão</i>	 <i>Bidon étanche</i>	 <i>Drum</i>
Boia <i>s.f.</i>	Corpo flotante sobre a auga, fixado ao fondo do mar por medio dun cabo, unha cadea ou un cable, que se emprega como sinal.	 <i>Boya</i>	 <i>Bóia</i>	 <i>Bouée de balisage</i>	 <i>Buoy</i>
Bordo da bañeira <i>loc. subs.</i>	Peza plana e longa de madeira ou plástico, no que se engancha o cubrebañeiras, situada na parte superior da bañeira do kaiak.	 <i>Borde de la bañera</i>	 <i>Braçola</i>	 <i>Hiloire</i>	 <i>Top rail</i>
C-1 <i>s.f.</i>	Canoa para un único piragüista cun só remo dunha soa pa.	 <i>C-1</i>	 <i>C-1</i>	 <i>C-1</i>	 <i>C-1</i>
C-2 <i>s.f.</i>	Canoa para dous piragüistas con cadanseu remo dunha soa pa.	 <i>C-2</i>	 <i>C-2</i>	 <i>C-2</i>	 <i>C-2</i>
Cabalete <i>s.m.</i>	Soporte formado por un traveseiro apoiado en catro patas diverxentes no que se coloca en alto a piragua cando está en terra.	 <i>Caballete</i>	 <i>Cavalete</i>	 <i>Trétau; chevalet</i>	 <i>Griddle-stand</i>
Calado <i>s.m.</i>	Distancia vertical desde a quilla ata a liña de flotación; altura da obra viva.	 <i>Calado</i>	 <i>Calado</i>	 <i>Tirant d'eau</i>	 <i>Bottom, draught</i>
Campo de regata <i>loc. subs.</i>	Área de competición na que se desenvolve unha proba. Sin. pista de regata.	 <i>Campo de regata</i>	 <i>Campo de regata</i>	 <i>Champ de course; aire de régata</i>	 <i>Regatta area</i>
Canoa <i>s.f.</i>	Embarcación a remo, estreita e polo regular dunha soa peza, sen quilla, temón nin outros dispositivos para dirixir o seu curso, na que o remeiro utiliza dous apoios: pé e xeonllo.	 <i>Canoa</i>	 <i>Canoa</i>	 <i>Canoë</i>	 <i>Canoe</i>



Canoa bipraza vid. C-2.

loc. subs.

Canoa vid. C-1.

monopraza

loc. subs.

Canoero/a Persoa que goberna unha canoa. Sin. Canoísta.

s.m.f.



Canoero



Canoero



Céiste; Canoéiste



Canoeist

Canoísta

s.m.f.

vid. Canoero.

Carena

s.f.

Parte do casco da piragua que queda por debaixo da liña de flotación. Sin.: obra viva



Carena



Querena



Carène



Bottom

Carreiro

s.m

Espazo polo que ten que desprazarse o piragüista nunha competición.



Calle



Face



Zone de course



Lane

Casco

s.m.

1- Corpo que forma o contorno exterior da piragua. 2- Obxecto feito de material resistente que cobre e protexe a cabeza do piragüista.



Casco



Casco



1- Coque. 2- Casque



1.hull 2.helmet

Cear

v.tr.

Remar cara atrás.



Ciar



Ciar



*Ramer à rebours;
Scier*



To back water

Ceavoga

s.f.

Manobra que consiste en cear dun lado e remar doutro para cambiar a dirección da embarcación ou para efectuar xiros seguindo as curvas trazadas polas boias nas competicións de fondo.



Ciaboga



Cia-voga



Virement de bord



Turn

Contracorrente

s.f.

1-Corrente secundaria que circula en sentido contrario ao da corrente principal. 2-Sentido contrario ao sentido do movemento da auga.



Contracorriente



Contra-corrente



Contre-courant



*1.cross-current
2.counter-current*

Cuberta

s.f.

Piso da embarcación que se estende horizontalmente ao longo da eslora e a manga.



Cubierta



Coberta



Pont



Deck

Cobrebañeiras

s.m.

"Faldón de lona, plástico ou neopreno dunha piragua, axustable á cintura do kaiakista e ao bordo da bañeira, que serve para manter seco o interior da piragua para evitar que entre auga no interior da piragua."



Cubrebañeras



Saiote, Cobertura



Jupe, jupette



Splash skirt

Culler

s.f.

Folla da pa con forma cóncava.



Cuchara



Pá



*Cuillère
(pagaie cuillère)*















































Blade















Deriva <i>s.f.</i>	Desviación dunha piragua do seu rumbo por efecto da corrente.	 <i>Deriva</i>	 <i>Deriva</i>	 <i>Dérive</i>	 <i>Drift</i>
Desembarcar <i>v. i.</i>	Saír da piragua en terra.	 <i>Desembarcar</i>	 <i>Desembarcar</i>	 <i>Débarquer</i>	 <i>To land</i>
Drizar <i>v.tr.</i>	Poñer unha embarcación dereita. Sin.: endereitar. Ant.: escorar.	 <i>Adrizar</i>	 <i>Driçar</i>	 <i>Redresser</i>	 <i>To right</i>
